


INDICADORES SOBRE BANDA LARGA 2010

Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia



XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2011


Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0

Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Indicadores sobre Banda Larga 2010

Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia



Xunta de Galicia

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Santiago de Compostela

2011

Índice

INTRODUCCIÓN	6
METODOLOXÍA DO ESTUDO	7
I. EMPRESAS DE 0 A 9 EMPREGADOS / AS	9
I. 1. ACCESO A INTERNET	10
I.1.1 Acceso a Internet	10
I.1.2. Características das empresas con acceso a Internet	13
I.1.3. As empresas sen acceso a Internet	17
I.1. 4. En síntese	23
I.2. MODALIDADE DE CONEXION A INTERNET	24
I.2.1. Tecnoloxía principal de acceso	24
I.2.2. Velocidade de conexión	29
I.2.3. En síntese	33
II. EMPRESAS DE 10 E MÁIS EMPREGADOS / AS	34
II.1 ACCESO A INTERNET	35
II.1.1. Acceso a Internet	35
II.1.2. Características das empresas con acceso a Internet	39
II.1.3. En síntese	44
II.2. MODALIDADE DE CONEXION A INTERNET	45
II.2.1. Tecnoloxía principal de acceso	45
II.2.2. Velocidade de conexión	52
II.2.3. En síntese	57
ANEXO I	58

INTRODUCCIÓN

O presente informe ofrece os resultados da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da información en Galicia” elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) na información relativa á Banda Larga. O estudo foi elaborado polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

A información relativa aos indicadores de Banda Larga contida neste informe estrutúrase en dous grandes capítulos, microempresas de 0 a 9 traballadores/as e empresas de 10 ou máis traballadores/as. En cada un destes capítulos, dáse conta dos seguintes indicadores:

■ **Conexión a Internet.** Analízase o grao de penetración de Internet nas empresas galegas e a súa caracterización, así como as motivacións e apreciacións das empresas que carecen del.

■ **Modalidade de conexión a Internet.** Este punto céntrase na análise das tecnoloxías de acceso á Rede e na velocidade de conexión, comparativamente coas modalidades predominantes no resto de España e en Europa.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

A información que se amosa neste documento procede da realización dunha Enquisa entre as empresas galegas, baseada nun cuestionario estruturado, que respondeu aos seguintes parámetros metodolóxicos:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a determinadas actividades CNAE agrupadas en 14 grupos clasificatorios. No caso das empresas de 10 ou máis asalariados/as o universo é finito, cifrado en 8.941 entidades segundo a explotación do Directorio de Empresas do IGE do ano 2009.

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

■ **Tamaño da mostra:** 500 entrevistas a empresas de 10 ou máis empregados; 825 entrevistas a empresas de menos de 10 empregados.

■ **Afixación:** Na submostra de empresas de 0 a 9 empregados/as: estratificada proporcional en primeira fase, por volume de emprego, actividade e condición xurídica. Na submostra de empresas de 10 e máis empregados/as: estratificada proporcional, en primeira fase, por volume de emprego, actividade e provincia de localización da sede da empresa,. Nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95.5% (2 sigmas) e $p=q=0.5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para a submostra de microempresas é de $\pm 3.48\%$; para a empresas de 10 ou máis traballadores é de $\pm 4.35\%$.

■ **Período de referencia:** o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

■ **Traballo de campo:** do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Ao longo da exposición, para cada variable de interese amósanse inicialmente os valores globais, para despois descender ata outras variables independentes como a actividade da empresa, a súa condición xurídica ou a provincia, sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Como fonte de información complementaria este informe inclúe datos procedentes dos estudos realizados en anteriores edicións dos observatorios galegos (OCEG e OGSÍ), integrados no OSIMGA (Decreto 21/2010; DOG 26 de febreiro). Non obstante, grande parte da información de referencia procede do INE.

Polo tanto, en termos evolutivos:

- ❑ Os datos de Galicia do ano 2009 foron recollidos polo INE e presentan dous períodos de referencia: as variables de infraestrutura, equipamentos e uso das TIC refírense a xaneiro de 2009 e as variables sobre comercio electrónico á totalidade do ano 2008.
- ❑ Na enquisa do OSIMGA do ano 2010, as variables de equipamentos das TIC refírense a decembro do ano 2010 e o comercio electrónico a todo o ano 2010.

Existen case dous anos de diferenza no período de referencia temporal das variables para as empresas cando nos referimos á evolución 2009-2010 para Galicia.

Ademais, a fin de ofrecer unha comparativa estatística da evolución noutros ámbitos poboacionais, empregáronse datos do INE (no referido ao conxunto do Estado) e de Eurostat (para o contexto da UE27).

Á hora de comparar a información da Enquisa OSIMGA 2010 coa subministrada polo INE para o ano 2010, convén salientar que media case un ano entre as datas de recollida de información de ambas as dúas enquisas:

- ❑ Na enquisa INE do ano 2010, as variables de equipamento refírense a xaneiro do ano 2010 e o comercio electrónico a todo o ano 2009.
- ❑ Na enquisa OSIMGA do ano 2010, as variables de equipamento refírense a decembro de 2010 e as variable sobre comercio electrónico van referidas á totalidade do ano 2010.

CAPITULO I


Empresas de 0 a 9 empregados / as

I.1. ACCESO A INTERNET

- o O 63,8 % das microempresas galegas dispón de acceso a Internet.
- o As empresas do sector Servizos, xunto coas da Construción, destacan neste sentido cun 64,4 e 64,5% respectivamente.
- o Un 53,2% das persoas físicas posúen acceso a Internet fronte ao 77,7% doutro tipo de sociedades.

I.1.1. Acceso a Internet

G.1. ACCESO A INTERNET



Base: total de empresas de 0 a 9 empregados / as
Fonte: OSIMGA


Un 63,8% das microempresas galegas dispoñía de acceso a Internet no ano 2010, evidenciando un desenvolvemento moi importante na implantación das novas tecnoloxías no ámbito laboral. O acceso a Internet é unha fonte vehicular de recepción e transmisión, non só de información, senón tamén de servizos e produtos.

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: OSIMGA-INE

A contratación da conexión a Internet ten aumentado de maneira significativa no período comprendido entre principios do 2009 e decembro do 2010, cun incremento de 17,1puntos porcentuais.

A extensión sectorial de Internet resulta significativa en todos os ámbitos da actividade da microempresa, destacando as adicadas á Construción e as que se orientan cara aos Servizos por dispoñer nun maior grao de acceso a Internet, fronte ao máis reducido 57,7% das que se adican á Industria.

G.3. ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: OSIMGA

G.4. ACCESO A INTERNET SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: OSIMGA

En canto á condición xurídica da empresa, as persoas físicas van un paso por tras das sociedades, sendo o acceso a Internet 24,5 puntos porcentuais inferior ás sociedades ou outras formas xurídicas. Por outra banda, a contratación de Internet é superior nas provincias de Lugo e Ourense, sendo A Coruña a provincia con máis baixa implantación desta tecnoloxía.

G.5. ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: OSIMGA

I.1.2. Características das empresas con acceso a Internet

- o Un 26,4% das microempresas galegas contrataron Internet hai menos de tres anos.
- o No 78,2% das microempresas con Internet, os seus empregados / as fan uso da Rede polo menos unha vez por semana.
- o O 86,6% das microempresas con conexión a Internet posúe unha conta principal de correo electrónico.

O acceso a Internet por parte das microempresas galegas non é un feito recente para moitas delas, dado que dúas de cada tres contan con este servizo hai máis de 4 anos. Porén, un 26,4% contrataron o acceso a Internet hai menos de tres anos, o que en certa medida xustifica o notable incremento da conexión á Rede nas microempresas nos últimos anos.

G.5. Antigüidade do acceso a Internet



Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Aínda que, como vimos anteriormente, as empresas do sector da Construción posúen conexión a Internet nunha porcentaxe máis elevada co resto, ao ter en conta a antigüidade nesa conexión as decanas resultan as microempresas de Servizos e as de Industria, dado que un 44,6% das primeiras e un 43,5% das industriais benefíciáanse da conexión á Rede dende hai máis de seis anos.

O grupo de actividade na que máis recentemente se ten incorporado acceso a Internet en termos absolutos é tamén o sector Servizos, de modo que un 4,5% das microempresas deste sector que contan con acceso a Internet o ten hai menos de un ano. Resulta significativo, a elevada porcentaxe de empresas da Construción e sobre todo da Industria que incorporou esta tecnoloxía hai entre un e tres anos, acadando porcentaxes próximos ao 30% do total das que posúen conexión á Rede.

C.1. ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET NA EMPRESA	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Menos de un ano	1,3	2,8	4,5	3,8
De 1 a 3 anos	29,5	26,5	20,5	22,6
De 4 a 6 anos	17,5	28,2	23,3	24,0
Máis de 6 anos	43,5	35,4	44,6	42,3
Ns / Nc	8,2	7,2	7,1	7,2
N	41	125	360	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

O grao de utilización de Internet nestas microempresas é de diferente intensidade, como amosa a gráfica da páxina seguinte. Evidencia que as microempresas nas que os empregados / as fan un uso máis intensivo das posibilidades da Rede son as adicadas aos Servizos: no 81,4% delas os seus empregados / as acceden a Internet polo menos unha vez á semana, fronte ao 78,2% do conxunto.

G.6. PROPORCIÓN DOS /AS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA QUE ACCEDE A INTERNET CANDO MENOS UNHA VEZ Á SEMANA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

O uso de Internet máis extendido é, sen dúbida algunha, o correo electrónico: o 86,6% das microempresas con conexión a Internet posúe unha conta principal.

G.7. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO



Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Independemente da actividade, a disposición dunha conta principal de correo electrónico é un recurso de Internet amplamente estendido nas microempresas que dispoñen de acceso. Atendendo ás lixeiras diferenzas que se dan entre os diferentes grupos de actividade, destaca o sector da Industria, cun 94,1%, seguido a moi pouca distancia da Construción e os Servizos.

C.2. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Si, ten	94,1	83,9	86,7	86,6
Non, non ten	4,8	13,0	10,9	10,9
Ns / Nc	1,1	3,1	2,4	2,5
N	41	125	360	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA


I.1.3. As empresas sen acceso a Internet

- o O 33,8% das microempresas galegas non ten Internet contratado. Delas o 47,1% argumenta que non dispón del porque “non o necesitan”.
- o Das microempresas que non dispoñen de conexión á Rede, un 16% contrataría Internet no futuro.

De entre as microempresas galegas que non dispoñen de acceso a Internet, unha ampla maioría apunta como causa desa ausencia que “non o necesitan” (47,1%). Hai outros aspectos, como a falta de coñecementos para utilizalo, que serve de argumento para un 15,8% delas. Cuestións económicas, como o prezo da conexión ou dos equipos son máis minoritarias, representando un factor a ter en conta para pouco máis do 8% das empresas que non teñen Internet.

G.8. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET

(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que NON dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

A falta de información é un dos problemas menores que atopan as microempresas para non contratar Internet cunha porcentaxe dun 1,2% dos enquisados.

C.3. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET % de resposta múltiple basados en casos	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Non o necesitan	49,0	50,3	45,8	47,1
Non o queren	1,5	9,4	5,4	6,0
Non lles resulta fácil	13,1	7,8	6,1	7,2
Non o coñocen	10,0	7,7	2,3	4,3
Poucos coñecementos	12,6	24,9	13,2	15,8
Outras prioridades	5,5	2,2	11,0	8,4
Conexión / Equipos custosos	10,3	6,9	8,1	8,1
Información insuficiente	0,7	0,0	1,7	1,2
Non é posible contratalo	5,7	7,2	1,3	3,1
Outros motivos	6,0	6,9	4,3	5,1
N	30	69	200	298

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que NON dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Aínda que a resposta de que non necesitan Internet é maioritaria en todos os sectores, pola especial magnitude das motivacións debemos destacar a especial incidencia dos “poucos coñecementos” no sector da Construción -24,9% das empresas dese sector que non teñen Internet argumenta que non ten coñecementos suficientes para utilizalo-. En menor medida apuntan cara a cuestións económicas as empresas do sector industrial, un 10,3% se manifesta nestes termos.

G.9. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A CONDICIÓ XURÍDICA DA EMPRESA


(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que NON dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

A condición xurídica da empresa non é un factor determinante á hora de valorar a non necesidade de contratar o acceso a Internet. Só no caso da falta de coñecementos, como segundo motivo de negativa, é un pouco máis elevado no caso das persoas físicas (20%) que noutro tipo de formas xurídicas (14,3%).

G.10. DISPOSICIÓN A CONTRATAR INTERNET SE O SERVIZO ESTIVESE DISPOÑIBLE




Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que NON dispoñen de acceso a Internet porque non é posible contratar o servizo no lugar onde está situada a empresa
Fonte: OSIMGA

Só o 3,1% das empresas aluden a que non teñen posibilidade de contratar Internet no lugar onde está situada a empresa como causa para non dispoñer da tecnoloxía, representando unha motivación moi minoritaria. Delas, aínda que se tratar dun dato meramente orientativo, dado o reducido número de empresas (n=9), un 87% o contrataría se o servizo estivese dispoñible.

De todos os xeitos, a metade das microempresas que non dispoñen de conexión a Internet non prevén a súa contratación no futuro.

G.11. PREVISIÓN DE CONTRATAR INTERNET NO FUTURO

(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que NON dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

C.4. PREVISIÓN DE CONTRATAR INTERNET NO FUTURO SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA


PREVISIÓN DE CONTRATAR INTERNET NO FUTURO	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Si, nos próximos tres meses	4,2	0,0	2,3	1,9
Si, nos próximos seis meses	11,2	4,8	1,1	3,0
Si, no próximo ano	0,0	2,5	2,4	2,2
Si, máis adiante	21,2	5,6	8,2	8,9
Non	42,7	58,5	48,0	49,9
Ns / Nc	20,7	28,6	38,0	34,1
N	30	69	200	298

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que NON dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Das empresas que serían máis proclives á contratación de Internet, aínda que nunha porcentaxe moi baixa, resaltan as do sector da Industria, das que un 4,2% contratarían Internet nos próximos tres meses e un 11,2% nos próximos seis meses. O sector da Construción foi o que ofreceu perspectivas máis negativas da incursión desta tecnoloxía.

G.12. PREVISIÓN DE CONTRATAR INTERNET NO FUTURO SEGUNDO A CONDICIÓX XURÍDICA DA EMPRESA


(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que NON dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a condición xurídica á hora de avaliar a previsión de contratación de Internet no próximo ano a diferenza entre persoas físicas (2,1%) e sociedades (2,3%) é mínima. Si resulta salientable que a porcentaxe de microempresas non predispostas á contratación de Internet no futuro é superior entre as persoas físicas (51., %) respecto das sociedades e outras formas xurídicas (45,8%).


G.13. EMPRESAS QUE TIVERON CONTRATADO INTERNET CON ANTERIORIDADE



Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que NON dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Só o 4,3% das microempresas que actualmente non contan con conexión a Internet tivérono con anterioridade, descoñecendo a ampla maioría se a contratación de Internet suporía algún beneficio para a súa empresa.

G.14. BENEFICIOS DA CONTRATACIÓN DE INTERNET



Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que NON dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

I.1.4. En síntese

- O 63,8% das microempresas galegas de 0 a 9 empregados /as dispón de acceso a Internet no ano 2010, constatando un desenvolvemento moi importante no tecido empresarial galego. Delas, un 26,4% contratou este servizo hai menos de 3 anos.
- Se temos en conta a actividade das empresas, as que se adican á Construción e aos Servizos son as que posúen unha porcentaxe máis alta de contratación (64,5 e 64,4% respectivamente), e polo tipo de empresa as sociedades e outras formas xurídicas (77,7%) están por riba das persoas físicas (53,2%) na disposición desta tecnoloxía.
- No 78,2% das microempresas galegas con conexión a Internet, os seus empregados / as fan uso da Rede polo menos unha vez por semana.
- O 86,6% das microempresas con conexión a Internet posúe unha conta principal de correo electrónico.
- Do 33,8% das empresas que non posúen Internet, case a metade (47,1%) consideran que non o necesitan, sen diferenza salientable entre persoas físicas e outras formas xurídicas. A falta de habilidade ou coñecementos para utilizar Internet é o segundo motivo en importancia, aludido polo 15,8% das microempresas que non teñen acceso á Rede.
- Só un 4% das empresas que non posúen Internet o tiveron contratado con anterioridade.
- A metade das microempresas (49,9%) que non teñen Internet tampouco ten previsto contratalo, aínda que pola actividade que desenvolven, a Industria sería a máis interesada en contratalo pero máis adiante de un ano. Respecto á forma xurídica, cabe destacar que un 14,5% das persoas físicas e un 20,3% das sociedades que non tiñan conexión no 2010 estarían dispostas a contratalo nun futuro.
- Só un 15,2% das microempresas sen Internet cren que o servizo sería beneficioso para a empresa, aínda que case a metade das que se atopaban na circunstancia de non ter conexión non souberon valorar a posibilidade de contratalo.

I.2. MODALIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET


- o O 60% das microempresas galegas dispoñen de banda larga. Esta porcentaxe sitúase no 93,9% entre as microempresas con conexión a Internet.
- o Existen 22,8 puntos de diferenza na contratación de banda larga entre as sociedades (72,9%) e as persoas físicas (50,1%), sitúándose estas últimas case 10 puntos por baixo da media.
- o O ADSL, cun 78,7% é a tecnoloxía maioritariamente contratada para o acceso a Internet entre as microempresas con conexión á Rede.

I.2.1. Tecnoloxía principal de acceso

Seguindo a tendencia observada nos últimos anos, o ADSL é a modalidade de conexión maioritaria entre as empresas galegas de 0 a 9 empregados / as de modo que o 78,7% das que dispoñen de conexión a Internet utiliza prioritariamente esta tecnoloxía de acceso. A segunda modalidade de conexión en orde de importancia é o cable. Outras tecnoloxías máis recentes como a banda larga móbil aínda contan con moi baixa implantación como modalidade de acceso principal.

G.15. TECNOLOXÍA PRINCIPAL QUE TEN CONTRATADA

(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados /as que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Indicadores sobre Banda Larga 2010
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

O ADSL é a tecnoloxía máis utilizada polas empresas independentemente do sector onde desenvolven a súa actividade. Cabe destacar a maior presenza do cable como tecnoloxía principal nas empresas do sector da Industria (19,9%).

C.5. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

Tecnoloxía principal contratada	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Telefonía básica e módem	4,4	5,5	4,4	4,7
RDSI	2,7	0,5	0,0	0,3
ADSL	71,0	75,6	80,7	78,7
CABLE	19,9	13,7	11,5	12,7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	0,0	1,2	1,3	1,2
Outras tecnoloxías de banda larga	0,0	1,2	1,4	1,3
NS/NC	2,0	2,2	0,6	1,1
N	41	125	360	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

C.6. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA DA EMPRESA

Tecnoloxía principal contratada	CONDICIÓN XURÍDICA		Total (%)
	Persoas Físicas	Sociedades e outras formas xurídicas	
Telefonía básica e módem	4,8	4,6	4,7
RDSI	0,0	0,6	0,3
ADSL	79,2	78,3	78,7
CABLE	14,2	11,4	12,7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	0,1	2,2	1,2
Outras tecnoloxías de banda larga	0,5	1,9	1,3
NS/NC	1,2	1,0	1,1
N	248	278	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Indicadores sobre Banda Larga 2010
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

Se temos en conta a condición xurídica das empresas, tanto as persoas físicas (79,2%) como as sociedades (78,3%) están moi perto da media (78,7%) na utilización prioritaria do ADSL como tecnoloxía de acceso. O cable é a seguinte en orde de preferencia pero cunha porcentaxe salientablemente menor ao ADSL, aínda que con preferencia de contratación por parte das persoas físicas.

C.7. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO PROVINCIA


Tecnoloxía principal contratada	PROVINCIA				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Telefonía básica e módem	5,4	3,8	0,0	1,2	4,7
RDSI	0,4	0,0	0,0	0,0	0,3
ADSL	77,9	82,0	81,2	80,4	78,7
CABLE	13,2	8,2	18,8	14,6	12,7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	1,0	2,1	0,0	1,7	1,2
Outras tecnoloxías de banda larga	0,9	3,0	0,0	2,1	1,3
NS/NC	1,3	0,9	0,0	0,0	1,1
N	397	70	5	54	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

As microempresas de Lugo (82%) son as que van en cabeza no que se refire á preferencia de contratacións de ADSL como tecnoloxía prioritaria e as microempresas de Ourense presentan as maiores de porcentaxe de contratación de Internet a través de cable.

Un 93,9% das microempresas galegas con conexión a Internet dispón de banda larga. Se consideramos o total de microempresas galegas, a contratación de banda larga sitúase no 60%

G.16. BANDA LARGA NAS EMPRESAS QUE TEÑEN INTERNET



Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Nota: Considérase banda larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga


Cabe destacar a significativo incremento da banda larga nas microempresas galegas desde o ano 2008 e, especialmente, débese salientar o incremento de 17 puntos desde comezos de 2009 a decembro de 2010.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con conexión a Internet con Banda Larga

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: OSIMGA-INE

(1) Considérase banda larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

Indicadores sobre Banda Larga 2010
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

O sector da Industria presenta a porcentaxe máis baixa de contratación de banda larga (52,1%).

C.8. BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

BANDA LARGA	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Si	52,1	59,3	61,1	60,0
Non	47,9	40,7	38,9	40,0
N	71	194	560	825

Base: total de empresas de 0 a 9 empregados / as
Fonte: OSIMGA

Existen 22,8 puntos de diferenza na contratación de banda larga entre as sociedades e as persoas físicas, situándose estas últimas case 10 puntos por baixo da media.

C.9. BANDA LARGA SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA DA EMPRESA

BANDA LARGA	CONDICIÓN XURÍDICA		Total (%)
	Persoas Físicas	Sociedades e outras formas xurídicas	
Si	50,1	72,9	60,0
Non	49,9	27,1	40,0
N	467	358	825

Base: total de empresas de 0 a 9 empregados / as
Fonte: OSIMGA

As microempresas da Coruña son as que presentan a porcentaxe máis baixas de contratación de banda larga. No resto das provincias, supérase o 71% no valor deste indicador.

C.10. BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA

BANDA LARGA	PROVINCIA				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Si	56,3	72,8	71,4	75,0	60,0
Non	43,7	27,2	28,6	25,0	40,0
N	655	92	7	72	825


Base: total de empresas de 0 a 9 empregados / as
Fonte: OSIMGA

I.2.2. Velocidade de conexión

- o O 45,7% das microempresas galegas con conexión a Internet ten contratada unha velocidade superior a 4 Mbps.
- o As microempresas do sector da Construción son as que teñen unha maior porcentaxe de contratación de Internet no intervalo de velocidade de 4 Mbps a 10 Mbps (41,3%).
- o O 35,5% das persoas físicas con conexión a Internet posúe velocidade de conexión de 4 a 10 Mbps.
- o O 37% das microempresas con conexión a Internet considera que o aumento de velocidade é beneficioso.

G.18. VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET

(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Das diferentes velocidades de conexión existentes no mercado a preferida polas empresas que dispoñen de acceso a Internet é a de 4Mbps a 10 Mbps cun 31,6%, seguida da velocidade de 2Mbps a 4Mbps (18,5%) e da de máis de 10 Mbps (14,1%). A velocidade con menor aceptación é a inferior a 1Mbps., recoñecida como velocidade de acceso por un residual 5,6% das microempresas.

C.11. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

Velocidade contratada	TIPO DE ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construcción	Servizos	
Menos de 1 Mbps	4,9	6,4	5,4	5,6
De 1 Mbps ata 2 Mbps	14,0	6,6	11,5	10,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	25,4	21,9	16,5	18,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	18,8	41,3	29,6	31,6
10 Mbps e máis	14,9	8,0	16,1	14,1
NS/NC	22,0	15,8	20,8	19,7
N	41	125	360	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas á Construción (41,3%) optan maioritariamente por velocidades de 4Mbps a 10Mbps, seguidas do sector Servizos. Pola contra, as empresas de Industria inclínanse en maior medida á contratación de velocidades entre 2 e 4Mbps (25,4%).

C.12. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA DA EMPRESA

Velocidade contratada	CONDICIÓN XURÍDICA		Total (%)
	Persoas Físicas	Sociedades e outras formas xurídicas	
Menos de 1 Mbps	7,2	4,2	5,6
De 1 Mbps ata 2 Mbps	10,0	10,9	10,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	18,6	18,4	18,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	35,5	28,1	31,6
10 Mbps e máis	12,4	15,6	14,1
NS/NC	16,2	22,9	19,7
N	248	278	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Se temos en conta a condición xurídica das empresas, as velocidades contratadas seguen a ser preferentemente as de 4Mbps a 10Mbps. As persoas físicas son as que maioritariamente adquiren esta velocidade cun 35,5% de porcentaxe fronte ao 28,1% das sociedades e outras formas xurídicas.


C.13. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO A PROVINCIA

Velocidade contratada	PROVINCIA				Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Menos de 1 Mbps	5,7	3,8	0,0	7,9	5,6
De 1 Mbps ata 2 Mbps	11,4	10,7	9,8	3,7	10,5
De 2 Mbps ata 4 Mbps	17,1	26,3	18,8	18,8	18,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	35,5	15,3	11,8	25,6	31,6
10 Mbps e máis	11,8	16,2	0,0	29,5	14,1
NS/NC	18,5	27,8	59,5	14,4	19,7
N	397	70	5	54	527

Base: Empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

As microempresas de Pontevedra son as que se decantan por unha maior velocidade de conexión, un 29,5% teñen contratada máis de 10 Mbps e un 25,6% entre 4 e 10 Mbps. As microempresas da Coruña presentan as maiores porcentaxes (35,3%) de velocidade de contratación no intervalo de 4 a 10 Mbps. No caso das microempresas de Lugo e Ourense, as maiores porcentaxes están no intervalo de 2 a 4 Mbps.

G.19. BENEFICIOS DO AUMENTO DA VELOCIDADE




Base: empresas de 0 a 9 empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

En canto aos potenciais beneficios do aumento da velocidade, un 38,9% opina que “non” resultaría beneficioso para a empresa o aumento da velocidade, fronte a un 37,4% que consideran que “si” sería beneficioso para ela. De todos os xeitos, unha grande parte das empresas descoñecen se o incremento da velocidade beneficiaría á empresa, evidenciado a través da porcentaxe de “non sabe non contesta” moi elevada, un 23,7%.

O motivo maioritario aducido polas microempresas galegas que non teñen banda larga é que a velocidade actual resúltalles suficiente (24,4%), seguido pola imposibilidade de contratala porque non é accesible no emprazamento da empresa (23,7%).

G.20. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE BANDA LARGA

(% sobre as empresas de 0 a 9 empregados/as que NON teñen banda larga)



Fonte: OSIMGA

I.2.3. En síntese

- O 60% das microempresas galegas dispoñen de banda larga. Esta porcentaxe sitúase no 93,9% entre as microempresas con conexión a Internet.
- Existen 22,8 puntos de diferenza na contratación de banda larga entre as sociedades (72,9%) e as persoas físicas (50,1%), sitúándose estas últimas case 10 puntos por baixo da media.
- A tecnoloxía de acceso a Internet prioritaria para as empresas galegas de 0 a 9 traballadores/as con conexión á Rede segue a ser o ADSL, cunha porcentaxe do 78,7%, seguida do cable (12,7%).
- Se temos en conta o tipo de actividade desenvolvida pola empresa, as que pertencen ao sector Servizos son as que acadan unha porcentaxe máis alta (80,7%) de contratación de ADSL, mentres que as do sector da Industria son as que alcanzan a maior porcentaxe de contratación de cable.
- A velocidade de conexión de 4Mbps a 10Mbps é a opción elixida por un 31,6% de microempresas que teñen Internet contratada, seguida das velocidades de 2Mbps a 4Mbps (18,5%) e máis de 10 Mbps (14,1%).
- De entre as empresas que teñen contratada a velocidade de 4Mbps a 10Mbps destacan por unha maior porcentaxe as adicadas á Construción (41,3%), seguidas das do sector Servizos (29,6%).
- O 35,5% das persoas físicas con conexión a Internet teñen contratado unha velocidade de conexión á Rede entre 4 e 10 Mbps fronte ao 28,1% das sociedades e outras formas xurídicas.
- As microempresas de Pontevedra son as que se decantan por unha maior velocidade de conexión á Rede, un 55,1% ten contratada máis de 4 Mbps.

CAPITULO II


Empresas de 10 e máis empregados / as

II.1. ACCESO A INTERNET

- o O 98% das empresas con 10 e máis empregados / as ten acceso a Internet.
- o Un 8,7% das empresas de 10 e máis empregados / as con conexión a Internet, contratárono hai menos de tres anos.
- o Un 44,6% dos traballadores accede a Internet polo menos unha vez por semana.

II.1.1. Acceso a Internet

G.21. ACCESO A INTERNET



Base: total de empresas de 10 e máis empregados / as
Fonte: OSIMGA


O 98% das empresas galegas con 10 e máis traballadores /as dispón de acceso a Internet. Este indicador, tanto a nivel galego como estatal, está preto do 100%.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia, España e UE27


(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)



Fonte: OSIMGA-INE-Eurostat

G.23. ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)




Fonte: OSIMGA

A actividade da empresa non é un factor determinante na contratación de Internet, xa que tanto a Construción (98,1%), como a Industria (97,2%) e os Servizos (98,4%), se sitúan preto de media.

G.24. ACCESO A INTERNET SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAEs

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)




Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición das CNAES figura no Anexo I

O CNAE da empresa non dá lugar a diferenzas significativas na conexión á Rede, chegando case a accesibilidade plena. O máis baixo acceso a Internet está nos CNAE 10-18 (94,2%) correspondente a Industria de alimentación, bebidas, tabaco, téxtil, etc.

G.25. ACCESO A INTERNET SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)




Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño da empresa, son as de máis de 250 asalariados/as as que teñen contratado o acceso a Internet no 100% dos casos, o resto das empresas teñen máis do 95%.

G.26. ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as)




Fonte: OSIMGA

Aínda que a porcentaxe de empresas con contratación de Internet redúcese nas empresas con sede fóra de Galicia (93,3%), a conexión a Internet se achega ao 100% nas diferentes provincias.

II.1.2 Características das empresas con acceso a Internet

G.27. Antigüidade do acceso a Internet



Base: empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

O 71,6% das empresas posúen Internet hai máis de 7 anos. Resulta unha porcentaxe significativa as empresas que contrataron Internet hai menos de 3 anos (8,7%).

C.14. ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET NA EMPRESA	ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Menos dun ano	0,7	2,0	0,0	0,6
De 1 a 3 anos	10,6	13,9	4,6	8,1
De 4 a 6 anos	14,2	17,8	15,5	15,2
De 7 a 10 anos	43,3	31,7	38,9	38,5
Máis de 10 anos	26,2	31,7	36,0	33,1
Ns / Nc	5,0	3,0	5,0	4,4
N	139	102	240	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas á Industria son as que posúen máis antigüidade de acceso a Rede (43,3%) de 7 a 10 anos, seguido do sector de Servizos (38,9%) e Construción (31,7%). Pola contra entre as empresas que teñen acceso a Rede hai máis de 10 anos destaca o sector Servizos. Na desagregación detallada por actividade da empresa, obsérvase que adicadas ás CNAEs 10 -18 (Industria de alimentación, bebidas, tabaco, téxtil), CNAE 19-23 (Coquerías, refino, químicas, produtos farmacéuticos, caucho e plástico e produtos minerais non metálicos) e CNAE 41-43 (Construción) son as que presentan porcentaxes máis altas na incorporación á Rede nos tres últimos anos.

C.15. ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAEs

ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET NA EMPRESA	GRANDES GRUPOS CNAEs									Total (%)
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Menos dun ano	0,0	0,0	0,0	3,2	2,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,6
De 1 a 3 anos	16,7	15,0	3,2	3,2	13,9	2,3	10,5	6,5	4,5	8,1
De 4 a 6 anos	10,4	10,0	16,1	19,4	17,8	14,7	26,3	6,5	18,2	15,2
De 7 a 10 anos	41,7	40,0	54,8	35,5	31,7	42,6	39,5	29,0	40,9	38,5
Máis de 10 anos	22,9	35,0	22,6	32,3	31,7	34,1	21,1	51,6	36,4	33,1
Ns / Nc	8,3	0,0	3,2	6,5	3,0	6,2	2,6	6,5	0,0	4,4
N	48	19	32	32	102	129	37	31	21	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición das CNAEs figura no Anexo I

C.16. ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

ANTIGÜIDADE DO ACCESO A INTERNET NA EMPRESA	TAMAÑO DA EMPRESA					Total (%)
	De 10 a 19 asalariados	De 20 a 49 asalariados	De 50 a 99 asalariados	De 100 a 249 asalariados	De 250 ou máis asalariados	
Menos dun ano	0,8	0,0	2,4	0,0	0,0	0,6
De 1 a 3 anos	10,5	5,6	4,8	4,3	0,0	8,1
De 4 a 6 anos	15,9	16,3	11,9	13,0	0,0	15,2
De 7 a 10 anos	40,3	39,4	35,7	21,7	25,0	38,5
Máis de 10 anos	28,7	33,8	40,5	52,2	62,5	33,1
Ns / Nc	3,9	5,0	4,8	8,7	12,5	4,4
N	258	160	41	23	7	490


Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Nas empresas de 50 ou máis asalariados / as, a antigüidade maioritaria de contratación a Internet sitúase hai máis de 10 anos mentres que nas de menos de 50 empregados / as, o tramo temporal predominante de contratación á Rede está comprendida entre os 7 e 10 anos.

G.28. Proporción dos /as traballadores / as da empresa que accede a Internet cando menos unha vez á semana segundo actividade da empresa


(% medios sobre as empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet)



As empresas que se adican ao sector Servizos son nas que un maior número de traballadores acceden a Internet, cando menos unha vez á semana cun 54,9%. Os que menos fan uso desta tecnoloxía son a Industria (30,9%) e a Construción (33,7%).

A proporción de empresas de 10 e máis asalariados /as que posúen unha conta principal de correo electrónico é moi elevada (o 95,3%) fronte ao 3,6% que non a posúen.

G.29. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO



Base: empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

C.17. DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

DISPOSICIÓN DUNHA CONTA PRINCIPAL DE CORREO ELECTRÓNICO	ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Sí, ten	92,8	98,0	95,8	95,3
Non, non ten	6,5	2,0	2,5	3,6
Ns / Nc	0,7	0,0	1,7	1,1
N	139	102	240	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Todas as empresas de 10 e máis empregados / as en xeral posúen unha conta de correo principal case sen diferenza segundo a actividade que desenvolven, situándose a Construción nunha porcentaxe lixeiramente máis elevada (98%).

II.1.3. En Síntese

- O 98% das empresas con 10 e máis empregados / as dispón de acceso a Internet, situándose lixeiramente por riba da media española (97,2%) e da media europea(94%).
- A actividade da empresa non inflúe á hora de contratar o acceso a Internet, xa que todos os sectores de actividade presentan porcentaxes por riba do 97%.
- Das empresas galegas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de Internet, o 38,5% hai de 7 a 10 anos que o posúen seguido dun 33% con acceso hai máis de 10 anos. Un 8,7% teñen acceso a Internet hai menos de tres anos.
- O 54,9% dos traballadores do sector Servizos acceden a Internet cando menos unha vez á semana, seguido dos traballadores de Construción (33,7%) e Industria (30,9%). A media para o conxunto das empresas de 10 e máis empregados / as sitúase no 44,6%.
- O 95% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as posúe unha conta principal de correo electrónico.


II.2. MODALIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET

II.2.1. Tecnoloxía principal de acceso

- o O 92,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as dispoñen de banda larga. Esta porcentaxe sitúase no 94,3% entre as empresas galegas de 10 e máis empregados / as con conexión a Internet.
- o A contratación de banda larga experimentou un incremento de 3,1 puntos porcentuais no período 2009 - 2010.
- o O 75,6% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as con conexión a Internet ten contratado prioritariamente ADSL.

G.30. TECNOLOXÍA PRINCIPAL QUE TEN CONTRATADA

(% sobre as empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Como tendencia xeral, o ADSL é a modalidade de conexión maioritaria entre as empresas galegas de 10 e máis empregados / as, de modo que o 75,6% das que dispoñen de conexión á Rede utiliza esta tecnoloxía de acceso. O cable é a tecnoloxía que ocupa o segundo lugar, aínda que a considerable distancia do ADSL.

C.18. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construción	Servizos	
Telefonía básica e módem	4,3	5,0	2,5	3,4
RDSI	2,9	2,0	0,8	1,6
ADSL	79,3	75,2	76,3	75,6
CABLE	8,6	10,9	13,8	13,3
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	3,6	2,0	3,8	3,1
Outras tecnoloxías de banda larga	1,4	4,0	2,1	2,3
Ns / Nc	0,0	1,0	0,8	0,6
N	139	102	240	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

A Industria é o sector cunha porcentaxe máis alta con acceso vía ADSL mentres que o sector Servizos é o que alcanza unha porcentaxe máis alta en conexión a Internet a través de cable.

C.19. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAEs

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	GRANDES GRUPOS CNAEs									Total (%)
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Telefonía básica e módem	8,2	0,0	3,2	3,2	5,0	2,3	0,0	0,0	4,5	3,4
RDSI	2,0	5,3	0,0	6,5	2,0	0,0	0,0	3,3	4,5	1,6
ADSL	79,6	78,9	83,9	71,0	75,2	78,9	81,1	73,3	77,3	75,6
CABLE	8,2	0,0	9,7	9,7	10,9	11,7	13,5	20,0	9,1	13,3
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	2,0	5,3	3,2	6,5	2,0	4,7	2,7	0,0	0,0	3,1
Outras tecnoloxías de banda larga	0,0	10,5	0,0	3,2	4,0	0,8	2,7	3,3	4,5	2,3
Ns / Nc	0,0	0,0	0,0	0,0	1,0	1,6	0,0	0,0	0,0	0,6
N	48	19	32	32	102	129	37	31	21	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición das CNAEs figura no Anexo I

Indicadores sobre Banda Larga 2010
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

Pertencer a un CNAE determinado non inflúe no tipo de tecnoloxía, xa que en todos os grupos de actividade é maioritaria a contratación por ADSL sendo a porcentaxe máis alta a correspondente á CNAE 24-25 (“Metalurxia, fabricación de produtos metálicos”).

C.20. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	TAMAÑO DA EMPRESA					Total (%)
	De 10 a 19 asalariados	De 20 a 49 asalariados	De 50 a 99 asalariados	De 100 a 249 asalariados	De 250 ou máis asalariados	
Telefonía básica e modem	4,7	3,1	0,0	0,0	0,0	3,4
RDSI	1,6	1,9	2,4	0,0	0,0	1,6
ADSL	78,3	73,3	73,8	65,2	75,0	75,6
CABLE	11,6	14,9	14,3	17,4	12,5	13,3
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	1,2	3,7	4,8	13,0	12,5	3,1
Outras tecnoloxías de banda larga	1,9	3,1	2,4	4,3	0,0	2,3
Ns / Nc	0,8	0,0	2,4	0,0	0,0	0,6
N	258	160	41	23	7	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa non é un factor determinante no tipo de contratación dunha tecnoloxía ou outra. As empresas seguen a preferir o ADSL, aínda que as de maior contratación son as de 10 a 19 asalariados / as (78,3%) e as de 250 asalariados / as ou máis (75%). O cable, que é a segunda en orde de contratación, só alcanza o máximo dun 17,4% das empresas de 100 a 249 asalariados / as


C.21. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA SEGUNDO A PROVINCIA

TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA	PROVINCIA					Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Telefonía básica e modem	3,8	3,6	4,7	2,1	0,0	3,4
RDSI	1,9	0,0	4,7	0,7	0,0	1,6
ADSL	71,7	85,7	75,0	79,2	69,2	75,6
CABLE	16,5	7,1	9,4	13,2	7,7	13,3
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3.5G (USB, tarxeta 3G)	3,8	3,6	3,1	1,4	7,7	3,1
Outras tecnoloxías de banda larga	1,9	0,0	1,6	2,8	15,4	2,3
Ns / Nc	0,5	0,0	1,6	0,7	0,0	0,6
N	211	56	64	144	14	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta a provincia da sede da empresa, Lugo (85,7%) é a que posúe unha maior porcentaxe de contratacións de ADSL, seguida de Pontevedra (79,2%). O Cable ten maior implantación na Coruña (16,5%) seguida de Pontevedra (13,2%).

G.31. BANDA LARGA NAS EMPRESAS QUE TEÑEN INTERNET



Base: empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Nota: Considérase banda larga ás conexións a Internet realizadas a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga


Un 94,3% das empresas galegas de 10 e máis empregados /as con conexión a Internet dispón de banda larga. Se consideramos o total de empresas galegas de 10 e máis empregados /as , a contratación de banda larga sitúase no 92,4%

G.32. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con conexión a Internet con Banda Larga

Comparación Galicia, España e UE27

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as)




Fonte: OSIMGA-INE-Eurostat

Nota: Considerase banda larga ás conexións a Internet realizadas a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

Observamos nos últimos anos que a banda larga é a modalidade de conexión maioritaria entre as empresas de 10 e máis asalariados / as, de modo que o 92,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados /as utiliza esta tecnoloxía de acceso, o que supón un incremento porcentual de 3,1 puntos respecto ao ano 2009. Esta porcentaxe sitúase 3,5 puntos por baixo da media estatal pero 6,4 puntos por riba da media europea.

G.33. BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)




Fonte: OSIMGA

O sector Servizos ten a maior porcentaxe de contratación de banda larga (94,3%). Atendendo os CNAEs das empresas, a actividade que presenta maior contratación de banda larga é o CNAE 49-53 (“transporte e almacenamento”) cun 97,4% mentres que a máis baixa corresponde ao CNAE 10-18 (“industria da alimentación, bebidas, tabaco, textil, etc”) cun 86,3%.

G.34. BANDA LARGA SEGUNDO OS GRANDES GRUPOS CNAEs

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)




Fonte: OSIMGA

Nota: A descrición das CNAES figura no Anexo I

A totalidade das empresas de 250 e máis asalariados / as dispoñen de conexión a Internet a través de banda larga, aínda que en todos os tramos de asalariados/as supérase o 90% neste indicador.

G.35. BANDA LARGA SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as)




Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de contratación de banda larga nas empresas de 10 e máis empregados / as con sede en Ourense sitúase no 89,1% mentres que nas demais provincias o valor do indicador supera o 91%.

G.36. BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as)



Fonte: OSIMGA


II.2.2. Velocidade de conexión

- o Un 53,2% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as con conexión a Internet teñen contratado unha velocidade superior a 4 Mbps.
- o As empresas do sector Servizos acadan unha maior porcentaxe (55,9%) de contratacións a Internet con velocidade superior a 4 Mbps.
- o A Coruña e Pontevedra van á cabeza na contratación de velocidade superior a 4 Mbps.

A velocidade de conexión maioritaria entre as empresas galegas de 10 e máis empregados / as é a que vai de 4Mbps a 10Mbps, de maneira que o 30,6% das que dispoñen de conexión a Internet utiliza esta velocidade de acceso. A segunda velocidade de conexión en orde de importancia é a de 10Mbps ou máis, que aínda que continúa a ocupar ese segundo lugar, so dista 8 puntos porcentuais da anterior.

G.37. VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET

(% sobre as empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

C.22. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO ACTIVIDADE DA EMPRESA

VELOCIDADE CONTRATADA	ACTIVIDADE			Total (%)
	Industria	Construcción	Servizos	
Menos de 1 Mbps	5,7	3,0	2,1	3,3
De 1 Mbps ata 2 Mbps	17,0	9,0	6,7	10,0
De 2 Mbps ata 4 Mbps	14,9	19,0	19,3	17,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	29,8	32,0	30,7	30,6
10 Mbps e máis	17,7	20,0	25,2	22,6
Ns / Nc	14,9	17,0	16,0	15,9
N	139	102	240	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Por actividade da empresa, os sectores de Construcción e Servizos son os que teñen maior velocidade de conexión.

C.23. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO GRANDES GRUPOS CNAES

VELOCIDADE CONTRATADA	GRANDES GRUPOS CNAES									Total (%)
	CNAE 10-18	CNAE 19-23	CNAE 24-25	CNAE 26-33	CNAE 41-43	CNAE 45-47	CNAE 49-53	CNAE 69-74	CNAE 77-82	
Menos de 1 Mbps	6,3	10,5	3,2	3,3	3,0	2,3	2,7	0,0	0,0	3,3
De 1 Mbps ata 2 Mbps	16,7	26,3	19,4	10,0	9,0	7,8	8,1	6,3	4,8	10,0
De 2 Mbps ata 4 Mbps	18,8	21,1	12,9	6,7	19,0	23,4	21,6	9,4	4,8	17,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	25,0	31,6	29,0	36,7	32,0	33,6	27,0	18,8	42,9	30,6
10 Mbps e máis	16,7	10,5	9,7	26,7	20,0	16,4	27,0	50,0	28,6	22,6
Ns / Nc	16,7	0,0	25,8	16,7	17,0	16,4	13,5	15,6	19,0	15,9
N	48	19	32	32	102	129	37	31	21	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA
Nota: A descrición das CNAES figura no Anexo I

Indicadores sobre Banda Larga 2010
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

A maior parte das empresas, independentemente do CNAE, teñen contratada unha velocidade de 4Mbps a 10Mbps, pero entre elas hai diferenzas, o 42,9% das empresas con CNAE 77-82 (“actividades administrativas e servizos auxiliares”) son as que teñen contratada esta velocidade, seguida das empresas con CNAE 26-33 (“produtos informáticos, electrónicos, etc”) e CNAE 45-47 (“venda e reparación de vehículos de motor, comercio”). O resto das empresas están por baixo do 32% de contratación no tramo de velocidade de 4 a 10 Mbps.

Máis do 85% das empresas de 100 ou máis asalariados / as con conexión a Internet teñen unha velocidade contratada superior a 4 Mbps. Esta porcentaxe descenden máis de 30 puntos porcentuais nas empresas de 10 a 100 asalariados / as.

C.24. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO TAMAÑO DA EMPRESA

VELOCIDADE CONTRATADA	TAMAÑO DA EMPRESA					Total (%)
	De 10 a 19 asalariados	De 20 a 49 asalariados	De 50 a 99 asalariados	De 100 a 249 asalariados	De 250 ou máis asalariados	
Menos de 1 Mbps	4,2	3,1	0,0	4,5	0,0	3,3
De 1 Mbps ata 2 Mbps	9,3	10,6	18,2	0,0	14,3	10,0
De 2 Mbps ata 4 Mbps	20,1	17,4	9,1	9,1	0,0	17,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	29,7	29,2	31,8	45,5	28,6	30,6
10 Mbps e máis	19,3	24,2	25,0	31,8	57,1	22,6
Ns / Nc	17,4	15,5	15,9	9,1	0,0	15,9
N	258	160	41	23	7	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA


C.25. VELOCIDADE CONTRATADA SEGUNDO A PROVINCIA

VELOCIDADE CONTRATADA	PROVINCIA					Total (%)
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Menos de 1 Mbps	3,3	3,6	6,2	1,4	6,7	3,3
De 1 Mbps ata 2 Mbps	8,1	19,6	10,8	8,9	6,7	10,0
De 2 Mbps ata 4 Mbps	16,7	19,6	24,6	16,4	6,7	17,5
De 4 Mbps ata 10 Mbps	32,9	23,2	32,3	29,5	26,7	30,6
10 Mbps e máis	22,4	17,9	10,8	29,5	26,7	22,6
Ns / Nc	16,7	16,1	15,4	14,4	26,7	15,9
N	211	56	64	144	14	490

Base: Empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Por provincias a velocidade máis contratada é a de 4Mbps a 10Mbps, destacando A Coruña cun 32,9%. A segunda velocidade en contratación, 10Mbps ou máis, ten un índice maior de contratación en Pontevedra un 29,5%, a mesma porcentaxe que rexistra esta provincia no intervalo de 4 a 10Mbps.

G.38. BENEFICIOS DO AUMENTO DA VELOCIDADE




Base: empresas de 10 e máis empregados / as que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Un 51,4% das empresas cren que se poderían beneficiar a medio prazo de aumentar a velocidade de conexión, fronte ao 29,3% que non o cre.

G.39. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE BANDA LARGA

(% sobre as empresas de 10 e máis empregados / as que NON teñen banda larga)



Fonte: OSIMGA

Ainda que hai moi poucas empresas enquisadas de máis de 10 asalariados / as que non teñen banda larga contratada (16 empresas), o motivo principal argumentado por 11 desas empresas é que non é accesible no lugar de emprazamento da empresa.

II.2.3. En Síntese

- O 92,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as dispoñen de banda larga, considerándose como tal ás conexións a Internet a través de ADSL, cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga. Esta porcentaxe sitúase no 94,3% entre as empresas galegas de 10 e máis empregados / as con conexión a Internet.
- A contratación de banda larga experimentou un incremento de 3,1 puntos porcentuais no período 2009 - 2010.
- Tres de cada catro empresas galegas de 10 e máis traballadores / as ten contratado ADSL (un 75,6%). A segunda tecnoloxía máis demandada é o cable cunha porcentaxe dun 13,3%.
- Segundo a actividade da empresa, o sector da Industria posúe unha maior contratación do ADSL fronte a outros sectores. Non obstante, no sector Servizos, dáse a maior porcentaxe da contratación de cable e de banda larga móbil (un 13,8% e un 3,8%).
- A velocidade de conexión máis habitual nas empresas galegas de 10 e máis traballadores / as que dispoñen de Internet sitúase no intervalo de 4 e 10 Mbps.
- Un 53,2% das empresas galegas de 10 e máis traballadores / as ten unha velocidade de 4 ou máis Mbps. Segundo a actividade da empresa, un 55,9% das empresas do sector Servizos ten velocidades de 4 ou máis Mbps, mentres que nas do sector Construción a porcentaxe é dun 52% e na Industria é dun 47,5%.
- Máis do 85% das empresas de 100 ou máis asalariados / as con conexión a Internet teñen unha velocidade contratada superior a 4 Mbps. Esta porcentaxe desce de máis de 30 puntos porcentuais nas empresas de 10 a 100 asalariados / as.

ANEXO I: CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (CNAE 10-18)

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos (CNAE 19-23)

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos (CNAE 24-25)

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo (CNAE 26-33)

1.5. Enerxía e agua (CNAE 35-39)

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo (CNAE 45-47)

3.2. Transporte e almacenamento (CNAE 49-53)

3.3. Servizos de aloxamento (CNAE 55)

3.4. Información e comunicacións (CNAE 58-63)

3.5. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterianias) (CNAE 69-74)

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) (CNAE 77-82)

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

Fontes de información

<i>Datos referentes a Galicia</i>	<i>Edicións anteriores do observatorio, INE e OSIMGA</i>
<i>Datos referentes a España</i>	INE
<i>Datos referentes a Europa</i>	Eurostat

Indicadores sobre Banda Larga 2010
Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

